

CULTURA

O documento, o Foro do bo burgo do Castro Caldelas, está no Archivo dos Duques de Alba

O orixinal máis antigo escrito en galego foi datado en Allariz en 1228

Foi achado polo profesor Monteagudo e desdó a crenza de que era a versión do texto en latín

C. P. | SANTIAGO

■ A historia do galego incorpora o achado do documento orixinal máis antigo escrito en galego e en Galicia. Trátase do *Foro do bo burgo do Castro Caldelas*, outorgado por Alfonso IX en abril de 1228 na vila de Allariz. Está, catalogado e perfectamente conservado, no Archivo dos Duques de Alba no palacio de Lira de Madrid, dentro do fondo de Lemos.

O certo é que o texto era coñecido polos investigadores e estudosos, pero pensaban que se trataba da versión en galego primitivo do *Foro do bo burgo de Castro Caldelas*, escrito en latín e dado en 1172 polo rei Fernando II de León. Pero trátase da ratificación daquel foro, con cambios mínimos de contido, escrito directamente en galego polo notario municipal de Allariz durante a estada de varias semanas naquela vila ourensá do Rei Alfonso IX.

O lingüista Henrique Monteagudo, coordinador da sección de Lingua e secretario do Consello da Cultura Galega, foi quen deu co documento cando buscaba documentación para un traballo que lle encargaron para o simposio que organiza o ILG sobre A



Monteagudo e Pardo de Guevara presentaron o texto do documento, datado en 1228

PACO RODRIGUEZ



O documento foi redactado mentres o rei estaba en Allariz

emergencia do galego como lingua escrita na Idade Media, que se vai desenvolver no mes de novembro. Segundo Monteagudo, que onte deu a coñecer o achádego no Con-

sello da Cultura en compañía do presidente da institución, Alfonso Zulueta, da directora do ILG, Rosario Álvarez, e da coordinadora do simposio, Ana Boullón, «todos sabían do documento, pero ninguén fora velos».

Henrique Monteagudo sospeitou da existencia do orixinal repasando un inventario publicado en 1896 que fixo a duquesa de Alba do seu arquivo. Ademais de reproducir o documento, describiu dicindo que entre a primeira e a segunda columna dos confirmantes (relación de testemuñas que asinaban estes documentos) está o selo real: un león inscri-

to nunha roda, que é o distintivo dos chamados «privilexios rodados». Aquilo non podía aparecer nunha versión.

Daquel inventario tirou o historiador Martínez Salazar para o libro que publicou en 1911, *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*. El pensaba que era a versión ou copia en romance do foro de 1228, un «suposto lóxico», segundo Henrique Monteagudo, «porque o latín era a lingua que se utilizaba na Corte para estes documentos», e cando, como neste caso, afectaban ao pobo, facían una versión na lingua vulgar para facelo comprensible.

CONTROVERSIAS

O selo rodado do rei acredita a autenticidade

■ O Foro do bo burgo do Castro Caldelas, dado en Allariz en 1228, é especialmente singular, como dixo Monteagudo, pola data, «que o converte no orixinal producido en Galicia máis antigo que se conserva»; e polo seu estatus diplomático como privilexio rodado, «que só tiñan os documentos máis solemnes das chancelerías reais da península naquel tempo». Que se saiba, suliñou que é o único privilexio real da Corte de Alfonso IX escrito en romance, e só ten parangón no testamento de Alfonso II de Portugal, escrito en 1214.

O investigador compostelán advertiu que a orixinalidade do foro «pode suscitar controversias, porque eu mesmo tiven que vencer resistencias para convencerme que estaba diante dun orixinal de 1228». Tralas comprobacións dos datos históricos e o cotexo do orixinal non dubida da súa autenticidade. A explicación de que fose escrito en galego atribúese a que a corte de Alfonso IX era itinerante, e cando tiña urxencia botaba man dun notario municipal do lugar no que se atopaba. No final do texto deste foro consta, como era preceptivo daquela, o autor da escrita, que da fe diso: «Nuno clerigo sancti iacobi notarius concilii de Allariz scriptis». Henrique Monteagudo agradeulle tamén ao Archivo dos Duques de Alba as facilidades que lle deron, e especialmente ao arquivista.

Cultura financia a exposición que organiza Galaxia sobre a obra de Cunqueiro «Merlín e familia»

LA VOZ | SANTIAGO

■ A Editorial Galaxia recibirá 278.000 euros da sociedade de xestión do Xacobeo para a exposición que organiza para celebrar os cincuenta anos da novela de Cunqueiro *Merlín e familia*.

O conselleiro de Cultura, Jesús Pérez Varela, e o director xeral de Galaxia, Víctor F. Freixanes, asinaron onte o convenio que garante a financiación da montaxe que abordará o universo físico da xeografía imaxinaria na que se desenvolve a novela, a traxectoria personal e lite-

raria de Álvaro Cunqueiro e, nun terceiro apartado, o mito do mago artúrico na literatura europea, a súa presenza na produción literaria galega e no Camiño de Santiago, e a iconografía protagonizada por Merlín nos manuscritos franceses, no Renacemento, entre os prerrafaelistas, os debuxos de Doré e na cinematografía.

O proxecto expositivo *50 anos con Merlín e familia* poderase ver no Museo do Pobo Galego ao longo de dous meses e medio, en datas que aínda están sen concretar.

Ministros iberoamericanos piden que se proteja la diversidad cultural

Antonio Paniagua

CÓRDOBA

■ Los ministros de Cultura de Iberoamérica dieron ayer su apoyo unánime a la firma de un tratado internacional que proteja la diversidad cultural, una iniciativa que se debatirá en octubre dentro de la Conferencia General de la Unesco.

Los representantes de los 18 países iberoamericanos pidieron a los jefes de Estado y de Gobierno que participarán en la XV Cumbre Iberoamericana de Salamanca que avancen en la elaboración de una Carta Cultural, un documento que

tendrá efectos jurídicos y generará obligaciones para las naciones signatarias.

Los ministros dieron pasos modestos para la creación de un canal cultural de televisión, un proyecto auspiciado por Brasil, México y España. Además, los responsables de la comunidad iberoamericana abogaron por poner freno a la piratería y confirmaron su empeño de constituir un fondo que sirva para financiar coproducciones cinematográficas.

Al margen de la retórica propia de estos encuentros, los ministros de Cultura fueron

conscientes de que es difícil impulsar el desarrollo de la lectura o hacer progresos educativos si no se dan las condiciones económicas para el progreso de las naciones.

La Conferencia Iberoamericana de Cultura terminó ayer con el compromiso de todos los países de respaldar la rúbrica de una convención internacional que ampare la diversidad cultural y considere los bienes y servicios culturales como algo más que mercancías. De esta manera, Iberoamérica se suma a Europa y África en la propuesta de la Unesco.